

**ASCOMYCOTA E BASIDIOMYCOTA DA SERRA DOS
ANCARES (LUGO, NO. IBÉRICO): APORTACIÓN AO SEU
COÑECEMENTO**

por
M.L. CASTRO*

CASTRO, M.L. 2023. *Ascomycota e Basidiomycota* da Serra dos Ancares (Lugo, NO. Ibérico): aportación ao seu coñecemento. *Mykes* 26: 7-28.

RESUMO

A Serra dos Ancares, Reserva da Biosfera no noroeste da Península Ibérica ofrece unha grande diversidade vexetal e fúnxica. Este traballo aporta 28 taxons, entre os que destacan como novidade para o noroeste ibérico, *Hydnum ovoideisporum* Olariaga, Grebenc, Salcedo & M.P.Martin e *Tyromyces lacteus* (Fr.) Murrill e algunhas especies pouco mencionadas anteriormente, como *Lactarius obscuratus* (Lasch) Fr., *Naematelia aurantia* (Schwein.) Burt., *Ramaria flavescens* (Schaeff.) R.H.Petersen e *Xylaria polymorpha* (Pers.) Grev.

Palabras clave: Ancares, noroeste ibérico, Galicia, *Ascomycota*, *Basidiomycota*.

CASTRO, M.L. 2023. *Ascomycota and Basidiomycota* from Serra dos Ancares (Lugo, NW Iberian): contribution to their knowledge. *Mykes* 26: 7-28.

SUMMARY

The Sierra de los Ancares (Lugo, Spain), a Biosphere Reserve in the Iberian Peninsula, offers a great diversity of plants and fungi. This study contributes with 28 taxa, among which t, *Hydnum ovoideisporum* Olariaga, Grebenc, Salcedo & M.P.Martin and

*Grupo Micológico Galego. Correo: ml.castro@sapo.pt

Tyromyces lacteus (Fr.) Murrill stand out as a novelty for the Iberian Northwest as well as some species rarely mentioned before, such as *Lactarius obscuratus* (Lasch) Fr., *Naematelia aurantia* (Schwein.) Burt., *Ramaria flavescens* (Schaeff.) R.H. Petersen and *Xylaria polymorpha* (Pers.) Grev.

Key words: Ancares, Iberian Northwest, Galicia, Ascomycota, Basidiomycota.

INTRODUCCIÓN

A Serra dos Ancares pertence ás provincias de Lugo (53664 ha) e de León (56786 ha) e foi declarada, en outubro de 2013, Reserva da Biosfera pola UNESCO, aínda que xa con anterioridade estaba incluída na Rede Natura 2000 e era considerada Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), Zona de Especial Protección de Valores Naturais (ZEPVN), Zona de Especial Protección Para Aves (ZEPA Ancares), Zona de Especial Protección Para o Oso Pardo e Reserva Nacional de Caza. A parte lucense pertence aos concellos de Navia de Suarna, Cervantes e unha pequena parte a Becerreá (XUGA, en liña).

Está nun área xeolóxica formada basicamente por xistos, areíscas, cuarcitas e filitas, xunto con algunhas vetas calizas, como as que se observan nas inmediacións de Becerreá (MARCOS, 2004). Os vales foron profundamente escavados polos ríos da conca do Sil, na zona leonesa, e polos do Navia, na lucense. Os cumios máis altos roldan os 2000 m, o que xunto co modelado glaciar lle da unha singular beleza paisaxística (PÉREZ ALBERTI *et al.*, 1992).

A climatoloxía é a propia das zonas montañosas do interior de Galicia, centroeuropeo ou temperado húmido, con invernos moi fríos e veráns máis quentes que na costa (RODRÍGUEZ & RAMIL, 2008), cunha pluviometría abundante, que pode alcanzar os 2000 mm anuais nalgúns zonas, o que favorece a aparición de cogumelos durante case todo o ano.

A serra sitúase na confluencia da rexión Eurosiberiana, ao norte, e da Mediterránea, ao sur, o que favorece a grande biodiversidade florística que se pode observar nela, moi variable en función da altitude e da orientación (Izco, 1987).

Nas altitudes máis baixas, próximas aos ríos obsérvanse bosques de galería de árbores caducifolias, con amieiros (*Alnus lusitanica* Vit, Douda & Mandák) e salgueiros (*Salix* spp.), nas zonas intermedias, ata os 850-900m aparecen os carballos, preferentemente o cerquiño (*Quercus pyrenaica* Willd.) e despois dos 1000m, o albar (*Quercus petraea* (Matt.) Liebl.). Tamén poden observarse características «devesas» con faias (*Fagus sylvatica* L.) e teixos (*Taxus baccata* L.), mesturadas con capudres (*Sorbus aucuparia* L. e *Sorbus aria* (L.) Crantz), carballo albar, arandos (*Vaccinium myrtillus* L.), etc., ademais de acevais case puros (*Ilex aquifolium* L), bidueirais (*Betula pubescens* Ehrh.), e nas zonas máis chairas e próximas ás poboacións, algúns soutos (*Castanea sativa* Miller). O resto do territorio corresponde a matogueiras con xesta branca (*Cytisus multiflorus* (L'Her.) Sweet), toxos (*Ulex* spp.), uces (*Erica* spp.) e piornos (*Genista florida* L.), entre outros arbustos (FERNÁNDEZ *et al.*, 1987) e algunhas plantacións de piñeiros (*Pinus sylvestris* L.), como a visitada nas proximidades de Quindous (Cervantes).

METODOLOXÍA

O material estudado foi recolectado por membros do Grupo Micolóxico Galego «Luis Freire» en distintas formacións arbóreas dos concellos de Navia de Suarna e Cervantes, durante os días 17 e 18 de setembro de 2022, despois dun longo período de seca. As coleccións foron recollidas e transportadas seguindo a metodoloxía habitual, separando adecuadamente, en sobres individualizados, as hipotéticas especies, anotando «in situ» os caracteres organolépticos fugaces, o substrato e algunha das características máis sobresaíntes que podían permitir realizar a primeira aproximación de cara á súa identificación.

Para a pre-identificación en fresco das coleccións, e antes de proceder a súa deshidratación, usáronse guías de campo e obras de carácter xeral, como ESTEVE-RAVENTÓS *et al.* (2007), LÆSSØE & PETERSEN (2019) e MORENO & GARCÍA (2010). Posteriormente, no laboratorio despois da deshidratación, empregáronse as monografías de ANTONÍN & NOORDELOS (1993, 1997, 2010),

BASSO (1999), BERNICCHIA (2005), CALONGE (1998), LADURNER & SIMONINI (2003), MEDARDI (1006), MONEDERO (2011), MUÑOZ (2005), NAUTA (2001), NOORDELOOS (1992, 1998, 2004), NOORDELOOS & BAKKER (2018), PARRA (2008) e VERBEKEN *et al.* (2018) e, sempre que foi necesario acudíuse a revisións filoxenéticas, que no caso de ser importantes para a identificación se mencionan nas observacións do taxon correspondente.

Para a actualización da nomenclatura foi empregada a base de datos nomenclatural INDEX FUNGORUM (en liña). As exsiccata depositáronse na micoteca LOU-Fungi (SIAM de Lourizán).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Analizáronse 31 coleccións pertencentes a 9 ordes e 20 familias. Tres inclúense no filo *Ascomycota*, nas ordes *Helotiales*: *Rutstroemiaceae* (1) e *Pezizellaceae* (1) e *Xylariales*: *Xylariaceae* (1); os 27 restantes pertencen ao filo *Basidiomycota*, ordes *Agaricales*: *Agaricaceae* (3), *Entolomataceae* (2), *Fistulinaceae* (1), *Marasmiaceae* (1), *Omphalotaceae* (4) e *Tricholomataceae* (1); *Boletales*: *Boletaceae* (2); *Cantharellales*: *Hydnaceae* (1); *Gomphales*: *Gomphaceae* (1); *Polyporales*: *Fomitopsidaceae* (1), *Incrustoporiaceae* (1), *Irpicaceae* (1), *Meripilaceae* (1) e *Polyporaceae* (3); *Russulales*: *Russulaceae* (2) e *Stereaceae* (1) e *Tremellales*: *Naemateliaceae* (1).

No catálogo enuméranse os taxons alfabeticamente por filo, orde, familia e especie, seguindo o marco taxonómico proposto por KIRK *et al.* (2008), modificado por WIJAYAWARDENE *et al.* (2018) e ZHAO *et al.* (2017) e actualizado, a nivel de familia, na base de datos nomenclatural INDEX FUNGORUM (en liña).

Cando se considera necesario engádense breves observacións que permiten resolver algunha dúbida ou que facilitan a identificación. Para cada especie, figura o interese corolóxico para Galicia, comprobada nas bases de datos existentes para este territorio (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña; FGM, en liña) e, sempre que foi posible ou se considerou interesante, a distribución mundial indicada en GBIF (en liña).

En consecuencia, entre os taxons identificados destacan, como novidades para os Ancares lucenses, *Clitocybe phyllophila* (Pers.) P.Kumm., *Meripilus giganteus* (Pers.) P.Karst., *Naematelia aurantia* (Schwein.) Burt. e *Xylaria polymorpha* (Pers.) Grev., para a provincia de Lugo, *Entoloma rhodopolium* (Fr.) P.Kumm., *Lactarius obscuratus* (Lasch) Fr., *Ramaria flavescens* (Schaeff.) R.H.Petersen e *Russula chloroides* (Krombh.) Bres. e, para Galicia, *Hydnum ovoideisporum* Olariaga, Grebenc, Salcedo & M.P. Martin e *Tyromyces lacteus* (Fr.) Murrill.

PHYLUM ASCOMYCOTA

Orde *HELOTIALES*, familia *RUTSTROEMIACEAE*

***Rutstroemia firma* (Pers.) P. Karst.**, *Bidr. Känn. Finl. Nat. Folk* 19: 108. 1871

Lu, Piornedo, sobre póla moi podre de *Quercus petraea*, 18/9/2022, E. Sahuquillo e P.M. Leyenda, LOU-Fungi 21651.

Un só exemplar pouco maduro cun longo estipe, ascas uniseriadas e parafisos filiformes, septadas, ás veces bifurcadas e capitadas. Esporas escasas, de 14-15x3µm, unitabicas e ás veces con algunha espóra secundaria apical.

A pesar de tratarse dun macromiceto de tamaño moi reducido foi amplamente publicado para Galicia, coñécese a súa presenza nas catro provincias galegas, ao igual que en toda a Europa occidental (GBIF, en liña).

Orde *HELOTIALES*, familia *PEZIZELLACEAE*

***Calycina citrina* (Hedw.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.* (London) 1:670. 1821
= *Bisporella citrina* (Batsch) Korf & S.E. Carp.

Lu, Piornedo, sobre póla sen identificar, descascada e moi lisa, 18/9/2022, E. Sahuquillo, LOU-Fungi 21652.

Ascoma amarelo en fresco con estipe curto e esbrancuxado, en seco tendente a ser alaranxada. Ascas x7-8µm, irregularmente uniseriadas e I⁺, parafisos extremadamente delgadas e esporas de 10-13x3-4µm, coincidentes con DENNIS (1978).

Moi frecuente en toda Galicia durante o outono e amplamente estendida no Hemisferio Norte (GBIF, en liña).

Orde *XYLARIALES*, familia *XYLARIACEAE*

***Xylaria polymorpha* (Pers.) Grev., *Fl. Edinensis*, 1: 355. 1824**
[Fig. 1]

Lu, Cervantes, Os Cabaniños, sobre cepa sen identificar, en soto de *Castanea sativa*, 18/9/2022, M. Castro, A. Melón e T. Albizúa, LOU-Fungi 21653.

Este taxon só foi observado e publicado na provincia de Lugo, para a Serra do Courel (MARCOTE *et al.*, 2003, PÉREZ FROIZ, 1996 e GONZÁLEZ SANGREGORIO *et al.*, 1989), polo tanto é importante a ampliación corolóxica á Serra dos Ancares. Coñécese a súa presenza por todo o planeta (GBIF, en liña).



Fig.1. *Xylaria polymorpha*

PHYLUM *BASIDIOMYCOTA*

Orde *AGARICALES*, familia *AGARICACEAE*

***Agaricus campestris* L., *Sp. pl.*, 2: 1173. 1753**

Lu, Cervantes, Quindous, entre herba na cuneta, marxe de piñeiral de *Pinus sylvestris*, 17/9/2022, F.X. Martins, LOU-Fungi 21654.

Varios basidiomas, os máis pequenos lisos e brancos e os de maior tamaño con algunhas escamas espalladas. Anel simple e lonxitude do estipe igual ao diámetro do píleo.

Especie moi común en prados de pasto ou marxes de carreteiras entre a herba. Abundantemente referenciada para todo o Hemisferio Norte (GBIF, en liña), tamén para Galicia.

Bovista nigrescens Pers., *Neues Mag. Bot.*, 1:86. 1794

Le, Suarbol, entre a herba na marxe da estrada, 18/9/2022, M. Castro e F.X. Martins, LOU-Fungi 21655.

Basidioma maduro, sen exoperidio e endoperidio moi escuro, negro violáceo e brillante.

Trátase dunha especie pouco frecuente en Galicia, aínda que foi citada anteriormente para as provincias de Coruña e Lugo (MARCOTE *et al.*, 2003, CASTRO *et al.*, 1993). Común na Europa occidental (GBIF, en liña).

Bovistella utriformis (Bull.) Demoulin & Rebriev, *Lejeunia*, 197:6. 2017

= *Calvatia utriformis* (Bull.) Jaap.

Lu, Cervantes, prado de secano, 17/9/2022, M. Castro, LOU-Fungi 21656.

Taxon distribuído por toda Galicia, frecuente. Abundantemente referenciada na Europa Occidental e Norteamérica (GBIF, en liña)

Orde *AGARICALES*, familia *ENTOLOMATACEAE*

Clitopilus prunulus (Scop.) P. Kumm., *Führer Pilzk.*:96. 1871

Lu, Piornedo, bosque de *Quercus petraea*, 18/9/2022, E. Sahuquillo e P.M. Leyenda, LOU-Fungi 21657.

Basidioma branco acinentado, liso, con láminas decorrentes, cor crema, ás veces bifurcadas, cheiro a fariña moi lixeiro. Esporas características, con 6 costelas lonxitudinais, de 8-12,75x5-5,5µm.

Moi estendido polo territorio galego, en todo tipo de bosques. Moi común na Europa occidental e na costa oriental de Estados Unidos e Canadá (GBIF, en liña).

***Entoloma rhodopolium* (Fr.) P. Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 98. 1871
Lu, Cervantes, Os Cabaniños, en souto de *Castanea sativa*, 18/9/2022, M. Castro e A. Melón, LOU-Fungi 21658.

Un basidioma illado, de 4,5x6,5x0,5 cm, non fibriloso, de cor gris bastante homoxénea e láminas moi brancas ao principio, despois rosadas, sen arista coloreada. Basidios tetráspóricos, con numerosos cistidiolos, esporas penta ou hexagonais, subglobosas, con apículo lateral neto, de 7,5-10x7,5-8,5 µm.

Novidade para Lugo, aínda que aparece múltiples veces publicado para a provincia de Pontevedra e unha para a Coruña (COSTA, 2019) e outra para Ourense (GARCÍA, 1971). Común no Hemisferio Norte (GBIF, en liña).

Orde AGARICALES, familia FISTULINACEAE

***Fistulina hepatica* (Schaeff.) With.**, *Bot. arr. Brit. pl.*, ed. 4, 4: 302. 1801

Lu, Navia de Suarna, sobre tronco vivo de *Quercus pyrenaica*, 17/9/2022, F.X. Martins, LOU-Fungi 21659. Cervantes, Os Cabaniños, sobre vello exemplar de *Castanea sativa*, 18/9/2022, F.X. Martins, LOU-Fungi 21660.

Sobre vellos carballos (*Quercus* spp.) e castiñeiros (*Castanea* spp.) aínda vivos, é moi frecuente atopala por toda Galicia desde finais do verán. Parece ser máis común en Centroeuropa, Península Ibérica e costa oriental norteamericana (GBIF, en liña).

Orde AGARICALES, familia MARASMIACEAE

***Baeospora myosura* (Fr.) Quél.**, *Rev. Mycol. (Paris)*, 3(4-5): 193. 1938

Lu, Cervantes, Quindous, sobre piña de *Pinus sylvestris*, 17/9/2022, E. Sahuquillo, LOU-Fungi 21681

Especie facilmente identificable polo seu hábitat durante o outono, frecuente en Galicia nos piñeirais de *Pinus sylvestris*.

Orde *AGARICALES*, familia *OMPHALOTACEAE*

***Collybiopsis ramealis* (Bull.) Millsp.**, *West Virginia Geol. Surv.*, ser A, 5(1): 127. 1913 [Fig. 2]

= *Marasmiellus ramealis* (Bull.) Singer, = *Gymnopus ramealis* (Bull.) Gray

Lu, Navia de Suarna, sobre poliña de *Quercus pyrenaica*, 17/9/2022, M. Castro, LOU-Fungi 21661.

Dous exemplares diminutos de 2-3x6-10x1 mm, chapeu de cor branca case pura, excepto no centro que presentaban unha pequena mancha algo máis escura, estipe oscurecendo do ápice ata a base, con diminutas excrescencias e base lixeiramente inchada. Fíbulas numerosas, esporas escasas, de 8x3µm, basidios bi e tetraspóricos e cistidios con numerosas excrescencias apicais.

Trátase dunha especie de pequeno tamaño, pero amplamente publicada para toda Galicia. Moi común en Europa e costa oriental americana (GBIF, en liña).



Fig.2. *Collybiopsis ramealis*

***Gymnopus dryophilus* (Bull.) Murril**, *N. Amer. Fl.*, 9(5):362.
1916

= *Collybia dryophila* (Bull.) P. Kumm.

Lu, Cervantes, Quindous, piñeiral de *Pinus sylvestris*, 17/9/2022,
M. Castro, LOU-Fungi 21662

Frecuente en Galicia baixo coníferas, menos frecuente asociada a árbores caducifolias, polo que no campo pode ser confundida co seguinte taxon. Moi común en todo o Hemisferio Norte (GBIF, en liña), tamén en Galicia.

***Gymnopus erythropus* (Pers.) Antonín, Halling & Noordel.**,
Mycotaxon 63:364. 1997

Lu, Navia de Suarna, bosque de *Quercus pyrenaica*, 17/9/2022,
M. Castro, LOU-Fungi 21663.

Común en Galicia baixo árbores caducifolias, menos frecuente asociada a coníferas, polo que no campo pode ser confundida coa especie anterior. Moi común en toda Europa (GBIF, en liña), tamén en Galicia.

***Gymnopus fusipes* (Bull.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1:604.
1821

Lu, Cervantes, Quindous, sobre madeira enterrada de *Pinus sylvestris*, 17/9/2022, C. García-Echave, LOU-Fungi 21664.

Taxon frecuente e facilmente caracterizable pola irregularidade dos píleos, a morfoloxía do estipe, estar asociada a madeira e atoparse sempre en grupos, máis ou menos, numerosos. Para a Serra de Ancares xa fora citada por CAMPOAMOR (1996) e COMESAÑA & CASTRO (2008). Amplamente citada para Europa, rara no resto do planeta (GBIF, en liña).

Orde AGARICALES, familia TRICHOLOMATACEAE

***Clitocybe phyllophila* (Pers.) P. Kumm.**, *Führer Pilzk.*:122.
1871

Lu, Cervantes, Os Cabaniños, en souto de *Castanea sativa*,
18/9/2022, M. Castro, LOU-Fungi 21665.

Píleo e estipe branco, láminas brancas, non decorrentes ou por

un dente. Esporas lisas, con apículo neto, de 4,5-5,5x3 µm. Trátase dun taxon amplamente distribuído en Galicia, tanto baixo árbores caducifolias como coníferas. Xa fora citado para a serra do Courel (REQUEJO & ÁLVAREZ, 2019), pero non para a de Ancares. Común no Hemisferio Norte, aínda que non se pode asegurar con precisión, xa que foi confundida con *C. cerussata* (Fr.) P.Kumm., *C. diatreta* P.Karst. e *C. pithyophila* (Fr.) Gill. (GBIF, en liña).

Orde *BOLETALES*, familia *BOLETACEAE*

***Boletus edulis* Bull.**, *Herb. France*, 2: tab. 60. 1782

Lu, Cervantes, Os Cabaniños, en souto de *Castanea sativa*, 18/9/2022, C. García-Echave, LOU-Fungi 21666.

Este taxon está entre os mellor coñecidos e estendidos de Galicia. Extraordinariamente abundante no Hemisferio Norte (GBIF, en liña).

***Neoboletus erythropus* (Pers.) C. Hahn**, *Mycologia Bavar.*, 16: 33. 2015

Lu, Cervantes, Os Cabaniños, en souto de *Castanea sativa*, 18/9/2022, A. Melón, LOU-Fungi 21667.

Especie moi frecuente en toda Galicia, tanto baixo árbores caducifolias como coníferas, ao igual que en toda Europa (GBIF, en liña).

Orde *CANTHARELLALES*, familia *HYDNACEAE*

***Hydnum ovoideisporum* Olariaga, Grebenc, Salcedo & M.P. Martin**, *Mycologia*, 104(6): 1446. 2012

Lu, Cervantes, Quindous, piñeiral de *Pinus sylvestris*, 17/9/2022, A. Prunell e F.X. Martins, LOU-Fungi 21668

Pola delgadeza da trama, a cor alaranxada e o tamaño dos aguillóns sábese que pertence ao grupo de *Hydnum rufescens* s. lato, pero despois da revisión realizada por OLARIAGA *et al.* (2012) a observación das esporas subglobosas ou ovoides permiten incluílo neste taxon. Non se coñece a súa distribución a nivel ibérico, nin mundial.

Orde *GOMPHALES*, familia *GOMPHACEAE*

***Ramaria flavescens* (Schaeff.) R.H.Petersen, *Amer. J. Bot.* 61(7): 740. 1974 [Fig. 3]**

Lu, Cervantes, Os Cabaniños, en souto de *Castanea sativa*, 18/9/2022, M. Castro, LOU-Fungi 21669.

Varios basidiomas coa base ampla e branca, as ramas de cor crema amarelado e puntas concoloras, ás veces bifurcadas e outras moi divididas. Observáronse numerosas fíbulas e esporas moi alongadas e verrucosas, de 9-13x4-5 µm.

No territorio galego non son frecuentes os taxons pertencentes ao xénero *Ramaria*, por esta razón trátase dunha importante aportación corolóxica, coñecida só da provincia de Pontevedra (REQUEJO, 2008), con todo, parece ser moi común en Europa (GBIF, en liña).



Fig.3. *Ramaria flavescens*

Orde *POLYPORALES*, familia *FOMITOPSIDACEAE*

***Laetiporus sulphureus* (Bull.) Murril**, *Mycologia*, 12(1): 11. 1920

Lu, Cervantes, Quindous, sobre *Quercus* sp., 17/9/2022, A. Prunell, LOU-Fungi 21670.

Especie parásita de árbores planifolias, común en todo o Hemisferio Norte (GBIF, en liña) e amplamente citada para toda Galicia, tanto sobre *Quercus* spp. como sobre *Eucalyptus globulus*, durante o verán e o outono.

Orde *POLYPORALES*, familia *INCRUSTOPORIACEAE*

***Tyromyces lacteus* (Fr.) Murrill**, N. Amer. Fl., 9(1):36. 1907 [Fig.4] LU, Piornedo, sobre *Quercus petraea*, 18/9/2022, E. Sahuquillo, LOU-Fungi 21671.

Basidioma de forma flabelada, delgada na marxe e grosa no punto de inserción, cutícula aparentemente glabra, sabor amargo. Trama monomítica, hifas con numerosas fíbulas, de paredes grosas ex 5-6 µm, basidios tetraspóricos, nos non se conseguiu ver fíbulas, esporas escasas, hialinas, de 5x2 µm.

Este taxon pode ser facilmente confundible con outras especies do antigo xénero *Tyromyces*, como *Amaropostia stiptica* (Pers.) B.K. Cui, L.L. Shen & Y.C. Dai, Shen, Wang, Zhou, Xing, Cui & Dai, pero esta atópase sobre coníferas, ten esporas algo máis anchas e o sabor da trama é picante.

Non se coñece citado para Galicia, a pesar de ser ben coñecido en Centro Europa, nordeste e este da Península Ibérica, costa oriental de Norteamérica, Xapón e Australia (GBIF, en liña).

Orde *POLYPORALES*, familia *IRPICACEAE*

***Irpex lacteus* (Fr.) Fr.**, *Elench. fung.*, 1: 142. 1828

Lu, Navia de Suarna, sobre póla sen identificar, en bosque de *Quercus pyrenaica*, 17/9/2022, M. Castro, LOU-Fungi 21672.

É un taxon facilmente confundible con outros poliporais brancos con aguillóns, amplamente citado para Galicia, especialmente sobre arbustos. Común en case todo o planeta, excepto en África (GBIF, en liña).



Fig.4. *Tyromyces lacteus*

Orde *POLYPORALES*, familia *MERIPILACEAE*

***Meripilus giganteus* (Pers.) P. Karst.**, *Bidr. Känn. Finl. Nat. Folk*, 37: 33. 1882

Lu, Cervantes, Quindous, base de *Quercus petraea*, 17/9/2022, A. Prunell e I. García, LOU-Fungi 21673.

Exemplar recién brotado, carne que ennegrece rapidamente ao tacto.

Taxon non colleitado aínda en Pontevedra e do que só se coñecen dúas citas para cada unha das restantes provincias, Coruña, Lugo e Ourense, ningunha para a Serra dos Ancares. Común en Xapón, na costa oriental norteamericana e en Europa (GBIF, en liña).

Orde *POLYPORALES*, familia *POLYPORACEAE*

***Lentinus substrictus* (Bolton) Zmitr. & Kovalenko**, *Int. J. Med. Mushr.*, 18(1): 35. 2016 [Fig.5]

= *Polyporus ciliatus* Fr.

Lu, Cervantes, Quindous, sobre casca caída de *Quercus petraea*, 17/9/2022, P.M. Leyenda e U. Barrallo, LOU-Fungi 21674.

Especie coñecida das provincias de Lugo e Pontevedra, tamén da serra dos Ancares (LÓPEZ-PRADA *et al.*, 2002). Común en Europa e na costa oriental do continente americano: Canadá, Estados Unidos e Brasil (GBIF, en liña)



Fig.5. *Lentinus substrictus*

***Lenzites betulinus* (L.) Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*:405. 1838

Lu, Navia de Suarna, sobre tronco de *Quercus pyrenaica* caído, 17/9/2022, M. Castro, LOU-Fungi 21675.

Trátase dun poliporáceo moi frecuente en toda Galicia, en xeral sobre árbores caducifolias e fácil de identificar pola presenza de láminas. Estendido por todo o planeta, máis frecuente no Hemisferio Norte (GBIF, en liña).

***Trametes versicolor* (L.) Lloyd**, *Mycol. Writings*, 6(65): 1045. 1920

Lu, Navia de Suarna, sobre tronco de *Quercus pyrenaica* caído, 17/9/2022, P.M. Leyenda e U. Barrallo, LOU-Fungi 21676.

É probablemente o poliporáceo máis común na Serra de Ancares e o máis coñecido en todo o planeta (GBIF, en liña).

Orde *RUSSULALES*, familia *RUSSULACEAE*

***Lactarius obscuratus* (Lasch) Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 346. 1838 [Fig. 6]

LU, Piornedo, bosque de *Quercus petraea*, zona moi húmida, rica

en musgos, e algún *Alnus* (?), 18/9/2022, C. García-Echave e E. Sahuquillo, LOU-Fungi 21678.

Basidioma pardo oscuro no centro e marxe moito máis clara, tendendo ao pardo ou gris vermellizo, con pequena papila central, non estriado, de 1-2,5 cm, estipe pardo grisáceo claro, de 1,5-3x0,2-0,4 cm, láminas lixeiramente decorrentes, de cor branco crema, látex branco, inmutable. Basidios bi e tetraspóricos, ata 45x8 µm, esporas con groso retículo incompleto e verrucosas, subglobosas a lixeiramente elipsoides, de (6,5)7-8,75x5,5-6,5 µm, queilocistidios moi numerosos, en forma de maza ou laxeniformes, ás veces irregulares no ápice ou rematados nun longo pico, ata 50x7 µm e pleurocistidios escasos, ata 100x10-12 µm.

É a primeira mención deste pequeno *Lactarius* para a provincia de Lugo, anteriormente só fora citado para A Coruña (MARCOTE *et al.*, 2011, ROCA ROMALDE, 2002) e o micelio para Pontevedra, nun traballo de identificación mediante DNA de comunidades fúnxicas de *Eucalyptus* (SANTOLAMAZZA-CARBONE *et al.*, 2019). Parece tratarse dunha especie frecuente en Europa (GBIF, en liña).



Fig.6.
Lactarius obscuratus

***Russula chloroides* (Krombh.) Bres.**, *Fung. trident.*, 2(14): 89. 1900

Lu, Cervantes, Os Cabaniños, en souto de *Castanea sativa*, 18/9/2022, S.V. Laschuetza e F.X. Martins, LOU-Fungi 21679.

Basidioma branco, excepto nas láminas onde presenta lixeiros reflexos verdosos. Esporas con verrugas grosas e retículo moi aparente, máis ou menos completo, de 8-11 x 6-8 µm.

Trátase dunha nova cita para a provincia de Lugo, está citada para as outras tres e é especialmente frecuente no litoral en piñeirais dunares. Especialmente abundante en toda Europa (GBIF, en liña).

Orde *RUSSULALES*, familia *STEREACEAE*

***Stereum hirsutum* (Willd.) Pers.**, *Observ. mycol.*, 2: 90. 1800 (1799)

Lu, Navia de Suarna, sobre póla de *Quercus pyrenaica*, 17/9/2022, M. Castro, LOU-Fungi 21677.

Especie saprófita ou parásita en pólas de árbores caducifolias, moi común en todo o territorio galego, tamén na Serra dos Ancares e frecuentemente parasitado por *Naematelia aurantia* (Schwein.) Burt. Amplamente citado por todo o planeta (GBIF, en liña).

Orde *TREMELLALES*, familia *NAEMATELIACEAE*

***Naematelia aurantia* (Schwein.) Burt**, *Ann. Missouri Bot. Gard.*, 8: 368. 1921 [Fig. 7]

= *Tremella aurantia* Schwein.

Lu, Navia de Suarna, sobre póla de *Quercus pyrenaica*, próxima a *Stereum hirsutum*, 17/9/2022, P.M. Leyenda e U. Barrallo, LOU-Fungi 21680.

Basidiomas pequenos, en seco de cor alaranxada, amarela, máis ou menos escura en fresco, esporas escasas, de 8-10 x 6,5-8,5 µm.

Resulta difícil falar da distribución deste taxon (GBIF, en liña), confundido ás veces con *Tremella mesenterica* (Schaeff.) Pers., pero estudos moleculares sepáranos ben en clados diferentes

(CHEN, 1998) e, ao tratarse de especies moitas veces micoparasitas a maneira de diferenciais no campo é segundo o fungo ao que parasitan (ZUGMAIER *et al.*, 1994), así sobre *Stereum* aparece *Naematelia aurantia* e sobre *Peniophora*, *Tremella mesenterica*. Ademais, no estudo microscópico pódese observar que as basidiosporas da primeira son lixeiramente maiores que as da segunda.

En Galicia, aparece mencionada para as provincias de Lugo e Ourense, pero trátase dunha novidade na Serra dos Ancares.



Fig.7. *Naematelia aurantia*

AGRADECIMENTOS

Aos membros do Grupo Micolóxico Galego «Luís Freire» que axudaron na recollida do material, en especial os que figuran como legit no material estudado.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANTONÍN, V. & NOORDELOOS, M.E. 1993. *A monograph of Marasmius, Collybia and related genera in Europe. Part 1: Marasmius, Setulipes and Marasmiellus*. Librici Botanici 8. Eching. IHV-Verlag.
- ANTONÍN, V. & NOORDELOOS, M.E. 1997. *A monograph of Marasmius, Collybia and related genera in Europe. Part 2: Collybia, Gymnopus, Rhodocollybia, Crinipellis, Chaetocalathus and additions to Marasmiellus*. Librici Botanici 17. Eching. IHV-Verlag.
- ANTONÍN, V. & NOORDELOOS, M.E. 2010. *A monograph of marasmioid and collybioid fungi in Europe*. Ehrling. IHV-Verlag.
- BASSO, M.T. 1999. *Lactarius Pers. Fungi Europaei vol. 7*. Alassio. Edizioni Candusso.
- BERNICCHIA, A. 2005. *Polyporaceae s.l. Fungi Europaei vol. 10*. Alassio. Edizioni Candusso.
- CALONGE, F.D. 1998. *Flora Mycologica Iberica, vol. 3. Gasteromycetes, I. Lycoperdales, Nidulariales, Phallales, Sclerodermatales, Tulostomatales*. Madrid/Stuttgart. Real Jardín Botánico & J.Cramer.
- CAMPOAMOR, J.N. 1996. Estudios sobre *Tricholomataceae* ibéricos. IV. Especies de la Sierra de Ancares (Noroeste de España). *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 21: 333-343.
- CASTRO, M.L., FREIRE, L. & CALONGE, F.D. 1993. Catálogo provisional de los *Gasteromycetes* de Galicia (España). *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 18: 87-104.
- CHEN, C.J. 1998. *Morphological and molecular studies in the genus Tremella*. Stuttgart. J. Cramer.
- COMESAÑA, P. & CASTRO, M.L. 2008 [2007]. Bosques de árboles caducifolios da Serra dos Ancares (Lugo, NW Península Ibérica): análise micoecolóxico de *Agaricales*, *Boletales* e *Russulales*. *Mykes*, 10: 15-25.
- COSTA LAGO, J.M. 2019. Listado de *Basidiomycetes* recolectados en la parroquia de A Gándara (Oroso). *Tarrelas*, 21: 4-7.
- DENNIS, R.W.G. 1978. *British Ascomycetes*. Stuttgart. J. Cramer.
- ESTEVE-RAVENTÓS, F., LLISTOSELLA VIDAL, J. & ORTEGA DÍAZ, A. 2007. *Setas de la Península Ibérica e Islas Baleares*. Madrid. Ediciones Jaguar.
- FERNÁNDEZ PRIETO, A., GUITIÁN RIVERA, J. & AMIGO VÁZQUEZ, J. 1987. Datos sobre la vegetación subalpina de los Ancares. *Lazaroa*, 7: 259-271.

- FGM, en liña. Catálogo de fungos de Galicia elaborado pola Federación Galega de Micología. Disponible en: <http://www.fgmicoloxia.org/catalogo.php> [Consulta: 21/03/2023].
- GARCÍA ROLLÁN, M. 1971. Contribución al conocimiento de las setas de la provincia de Orense y de sus posibilidades de aprovechamiento. *Alimentaria*, 8(39):3-26.
- GBIF SECRETARIAT. 2023. GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset (en liña). Disponible en: <https://doi.org/10.15468/39omei> [Consulta: 22/03/2023].
- GONZÁLEZ SANGREGORIO, M.V., FREIRE, L. & CASTRO, M.L. 1989. Macromicetos epixílicos de la Sierra de Courel (Lugo). *Braña, monogr.*, 1: 125-133.
- INDEX FUNGORUM (en liña) Nomenclatural Database Index Fungorum Partnership. Disponible en: <http://www.indexfungorum.org/names/names.asp> [Consulta: 18/03/2023].
- IZCO, J. 1987. Galicia in M. Peinado-Lorca & S. Rivas-Martínez. *La vegetación de España*. Madrid. Universidad de Alcalá de Henares.
- KIRK, P.M., CANNON, P.F., MINTER, D.W. & STALPERS, J.A. 2008. *Ainsworth & Bisby's. Dictionary of the Fungi, 10th Edition*. Wallingford. CAB International.
- LÆSSØE, T. & PETERSEN, J.H. 2019. *Fungi of Temperate Europe. 2 vols*. Oxford and Princeton. Princeton University Press.
- LADURNER, H. & SIMONINI, G. 2003. *Xerocomus s.l. Fungi Europaei vol. 8*: 1-528. Edizioni Candusso.
- LÓPEZ-PRADA, M.I., LAGO, M. & CASTRO, M.L. 2002. Algúns poliporáceos (*Aphylophorales*) interesantes para o NW da Península Ibérica. *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 2: 113-126.
- MARCOS, A. 2004. Un vistazo geológico sobre Galicia in R. Nuche del Rivero (ed.) *Patrimonio Geológico de Galicia*:58-68. Madrid. Enresa.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2003. *Setas de Galicia*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2011. *500 setas del litoral atlántico y noroeste peninsular*. Ponte Caldelas. Edicións do Cumio.
- MEDARDI, G. 2006. *Atlante fotografico degli Ascomiceti d'Italia*. Trento. AMB Fondazione.
- MONEDERO, C. 2011. *El género Russula en la Península Ibérica*. Bilbao. Centro de Estudios Micológicos de Euskadi.
- MORENO, G. & GARCÍA MANJÓN, J.L. 2010. *Guía de hongos de la Península Ibérica*. Barcelona. Omega.

- MUÑOZ, J.A. 2005. *Boletus s.l. (excl. Xerocomus). Strobilomycetaceae, Gyrosporaceae, Gyrodontaceae, Suillaceae, Boletaceae. Fungi Europaei vol. 2.* Origgio. Edizioni Candusso.
- NAUTA, M.M. 2001. *Agaricus* in M.E. Noordeloos, Th.W. Kuyper & E.C. Vellinga (eds) *Flora Agaricina Neerlandica 7*:23-61. A.A. Balkema Publishers.
- NOORDELOOS, M.E. & BAKKER, H.C. 2018. *Boletales* in M.E. Noordeloos, Th.W. Kuyper & E.C. Vellinga (eds) *Flora Agaricina Neerlandica 7*: 65-225. Origgio. Candusso Editriche.
- NOORDELOOS, M.E. 1992. *Entoloma s.l. Fungi Europaei vol. 5.* Saronno. Libreria Editriche Giovanna Biella.
- NOORDELOOS, M.E. 1998. *Entolomataceae* in C. Bas, Th.W. Kuyper, M.E. Noordeloos & E.C. Vellinga (eds). *Flora Agaricina Neerlandica 1*:71-182. A.A. Balkema Publishers.
- NOORDELOOS, M.E. 2004. *Entoloma s.l. Supplemento. Fungi Europaei 5A.* Alassio. Edizioni Candusso.
- OLARIAGA, I., GREBENC, T., SALCEDO, I. & MARTÍN, M.P. 2012. Two new species of *Hydnum* with ovoid basidiospores: *H. ovoideisporum* and *H. vesteholtii*. *Mycologia*, 104(6): 1443-1455. DOI: <https://doi.org/10.3852/11-378>
- PARRA SÁNCHEZ, L.A. 2008. *Agaricus L. (Allopsalliota Nauta & Bas) Tribu Agaricaceae S. Imai.* Parte I. Alassio. Edizioni Candusso.
- PÉREZ ALBERTI, A., RODRÍGUEZ GUITIÁN, M. & VALCÁRCEL DÍAZ, M. 1992. *El modelado glaciar en la vertiente oriental de la Sierra de Ancares (Noroeste de la Península Ibérica).* Papeles de Geografía 18. Universidad de Murcia.
- PÉREZ FROIZ, M. 1996. Aportación al conocimiento de los *Ascomycetes* en Galicia in *Premio Galicia de Micología. Resumen de Trabajos Premiados (1983-1991)*:41-69. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- REQUEJO, O. & ÁLVAREZ GÁNDARA, J. 2019. Aportación al conocimiento de la micoflora en las montañas lucenses (Lugo, NO. Península Ibérica). *Micolucus*, 6: 19-26.
- REQUEJO, O. 2008. Algunhas especies coroloxicamente interesantes atopadas en Galicia. *Mykes*, 10: 39-44.
- ROCA ROMALDE, J.C. 2002. *Parque Micológico do río Beelle.* Deputación da Coruña.
- RODRÍGUEZ GUITIÁN, M.A. & RAMIL, P. 2008. Fitogeografía de Galicia (NW Ibérico): análisis histórico y nueva propuesta corológica. *IBADER*, 4: 19-50.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L., en liña. MICOGA. Base de datos de información corológica da micobiota galega. Disponible en: <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta: 21/03/2023].

- SANTOLAMAZZA-CARBONE, S., DURÁN-OTERO, M. & CALVIÑO-CANCELA, M. 2019. Context dependency, co-introductions, novel mutualisms, and host shifts shaped the ectomycorrhizal fungal communities of the alien tree *Eucalyptus globulus*. *Sci. Rep.*, 9:7121. DOI: <https://doi.org/10.1038/s41598-019-42550-x>
- VERBEKEN, A., NUYTINCK, J. & NOORDELOOS, M.C. 2018. *Russulales* in M.E. Noordeloos, Th.W. Kuyper & E.C. Vellinga (eds) *Flora Agaricina Neerlandica 7*: 226-607. Alassio. Candusso Editrice.
- WIJAYAWARDENE, N.N., HYDE, K.D., LUMBSCH, H.T., LIU, J.K., MAHARACHCHIKUMBURA, S.S.N., EKANAYAKA, A.H., TIAN, Q. & PHOOKAMSAK, R. 2018. Outline of *Ascomycota*: 2017. *Fungal Diversity*, 88 (2): 167-263.
- XUGA, en liña. Os Ancares lucenses. Disponible en [Consulta:15/01/2023].
- ZHAO, R.L., LI, G.J., SÁNCHEZ-RAMÍREZ, S., STATA, M., YANG, Z.L., WU, G., DAI, Y.C; HE, S.H., CUI, B.K., ZHOU, J.L., WU, F., HE, M.Q., MONCALVO, J.M. & HYDE, K.D. 2017. A six-gene phylogenetic overview of *Basidiomycota* and allied phyla with estimated divergence times of higher taxa and a phyloprotomics perspective. *Fungal Diversity*, 84 (1): 43-74.
- ZUGMAIER, W., BAUER, R. & OBERWINKLER, F. 1994. Mycoparasitism of some *Tremella* species. *Mycologia*, 86 (1): 49-56.